*Orde do 13 de abril de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para o impulso de actuacións en materia de xestión empresarial e de apoio ás accións de implantación e certificación de modelos de xestión das empresas galegas, e se procede á súa convocatoria (IN514A).*

A política desenvolvida pola Consellería de Innovación e Industria no marco das competencias que lle atribúe o Decreto 231/2006, do 23 de novembro, polo que establece a súa estrutura orgánica, está dirixida a apoiar a excelencia e calidade empresarial incentivando diversas actuacións que contribúan á implantación de novas formas de xestión nas Pemes.

A importancia actual de deseñar e implantar modelos de xestión innovadores, acordes coas necesidades que teñen as organizacións e as empresas galegas, fan necesaria a promoción e desenvolvemento de plans de mellora empresarial a través da utilización de ferramentas de xestión.

É responsabilidade dos poderes públicos galegos sensibilizar as empresas e organizacións empresariais sobre os beneficios que achega a implantación de modelos de xestión e organización encamiñados a facer evolucionar ás empresas e organizacións cara á mellora continua, con actuacións en materia de cooperación, promoción industrial, sensibilización e divulgación, xestión da calidade e o ambiente, prevención de riscos laborais, sociedade da información e responsabilidade social empresarial.

Con esta finalidade, a Consellería da Innovación e Industria a través da súa Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, acorda realizar unha convocatoria de axudas a Pemes para o impulso de actuacións en materia de xestión empresarial.

Por todo isto, e no uso das facultades que me foron conferidas

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases por que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Innovación e Industria para apoiar a realización de actuacións no ámbito da implantación e certificación de modelos de xestión empresarial, co fin de sensibilizar as Pemes galegas sobre a importancia da utilización de modelos de xestión no proceso de mellora continua (IN514A), e que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2007.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario da subvención deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II, III, IV e, se é o caso, o anexo V desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4º das bases reguladoras.

2. Os formularios de solicitude de axuda regulados nesta orde serán cubertas e obtidas necesariamente pola solicitante a través da aplicación informática «Internet expres» (procedemento IN514A) establecida na «Oficina virtual» desta consellería sita no enderezo da internet www.conselleriaiei.org/ga/web/index.php da Xunta de Galicia.

Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas solicitantes.

Poderanse cubrir e obter os formularios ata as 24 horas do día anterior á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, a través do telefono 981 54 55 35 ou 981 54 55 83, do número de fax 981544706 ou do enderezo de correo eléctrónico axudas.dxpisi@xunta.es, que adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación por escrito de solicitudes.

Artigo 3º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros da Consellería de Innovación e Industria, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG ata o 2 de xuño de 2007, ambos os dous inclusive.

Artigo 4º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a 6 meses.

Artigo 5º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN514A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería (www.conselleriaiei.org), na súa sección de «axudas» e na «oficina virtual».

b) Os teléfonos 981 54 55 35 e 981 54 55 83 da devandita dirección xeral.

c) O enderezo electrónico axudas.dxpisi@xunta.es.

d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Consellería de Innovación e Industria, que é o 981 54 43 41.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información para ditar as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2004.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

*ANEXO I*

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para o impulso de actuacións en materia de xestión empresarial e de apoio ás accións de implantación e certificación de modelos de xestión das empresas galegas.

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto promover a realización de actuacións no ámbito da implantación e certificación de modelos de xestión empresarial nas Pemes galegas.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, e quedará suxeito ao Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE de 28-12-2006), en virtude do cal a contía global de axudas *de minimis* non poderá superar o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Polo que respecta ás axudas ás empresas que operan no sector do transporte por estrada, este límite debería fixarse en 100.000 €. Estes límites aplicaranse independentemente da forma da axuda *de minimis* ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2 do citado regulamento.

3. Para a análise das actuacións subvencionables, estrutúranse as empresas en tres grupos:

Grupo 1.-Empresas con un alto grao de implantación e recoñecemento na xestión empresarial. Son aquelas organizacións que realizaron, na sua xestión interna, actuacións demostrables en aspectos relaccionados cos sistemas integrados de xestión, en concreto coa calidade (UNE-EN-ISO 9001:2000), no aspecto ambiental (UNE-EN-ISO 14001:2004 ou Regulamento EMAS), no campo da seguranza e saúde dos/as traballadores/as (Sistema de Prevención de Riscos Laborais OSHAS 18000), de responsabilidade social empresarial e/ou modelos de excelencia empresarial ou outros modelos de xestión innovadores e avanzados.

Grupo 2.-Empresas que realizaron actuacións demostrables no ámbito da xestión (Certificación de referenciais recoñecidos: UNE-EN-ISO 9001:2000 ou UNE-EN-ISO 14001:2004)

Grupo 3.-Empresas que non realizaron, no ámbito da súa xestión interna, ningunha actuación en implantación de sistemas de xestión.

Os niveis anteriores establécense de tal forma que:

Unha empresa non poderá acceder a axudas de grupo 1 (responsabilidade social empresarial ou outros sistemas de xestión innovadores e avanzados) se non se atopa no grupo 2.

Así mesmo, as empresas que se atopen no grupo 3 so poderán acceder a axudas do grupo 2.

En concreto, consideraranse actuacións subvencionables:

a) Implantación e desenvolvemento de sistemas de xestión dos referenciais recollidos no anexo A desta disposición ou outros non especificados no devandito anexo, sempre e cando a comisión de valoración considere óptimos os referenciais para poderen ser subvencionables ao abeiro desta epígrafe.

As axudas destinaranse a cubrir:

Os gastos de consultoría e asistencia.

b) Certificación dos sistemas de xestión implantados correspondentes aos referenciais recollidos no anexo A.

As axudas destinaranse para cubrir:

Os custos de certificación dos sistemas de xestión, realizados a través de entidades de certificación debidamente acreditadas pola ENAC, tanto na norma de referencia para la que se solicita a certificación como no sector de actividade do que se trate.

c) Desenvolvemento de memorias de sustentabilidade en materia de RSE e posterior certificación.

As axudas destinaranse para cubrir:

Os gastos de consultoría e asistencia, así como os custos da posterior certificación destas memorias de sustentabilidade realizadas e acordo con modelos recoñecidos (GRI, ou outros).

d) Implantación e certificación das metodoloxías de desenvolvemento de software segundo os referenciais recollidos no anexo B desta disposición ou outros da mesma tipoloxía que non están especificados no devandito anexo, sempre e cando a comisión de valoración considere óptimos os referenciais para poderen ser subvencionables ao abeiro desta epígrafe.

As axudas destinaranse para cubrir:

Os gastos de consultoría e asistencia para o seu desenvolvemento e implantación, así como os custos en que incorra a certificadora no posterior proceso de certificación.

Os proxectos de implantación e desenvolvemento de referenciais ou memorias de sustentabilidade considararanse realizados cando as empresas acrediten a obtención do correspondente certificado a través da correspondente entidade acreditada.

Os gastos de asesoramento e consultoría serán subvencionables sempre que os realicen entidades externas á entidade beneficiaria e dispoñan da necesaria experiencia e formación, segundo se recolle no anexo IV.

Os provedores de bens e servizos subvencionados non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.

Para o caso de referenciais ou sectores de actividade para os cales non exista ningunha entidade acreditada, estes poderán ser certificados por entidades que xustifiquen, xunto coa solicitude, a experiencia e solvencia técnica suficiente e a acreditación por ENAC segundo a norma 45011 nalgún outro referencial ou sector.

As actuacións subvencionables deberán manterse, como mínimo, durante 5 anos. A administración poderá comprobar a permanencia da actuación, transcorridos os cinco anos.

Considararanse actuacións subvencionables sempre que estas sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de xaneiro de 2007 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 17º.

Os gastos inherentes a cada actuación deberán ter unhas contías que estean acordes cos valores do mercado.

4. Quedan expresamente excluídas do ámbito de aplicación desta orde as actuacións seguintes:

a) Os gastos correntes de persoal e calquera outro derivado da actividade habitual da solicitante.

b) Os gastos relativos aos regalos promocionais, ás celebracións de cócteles e actos análogos.

c) Os gastos correspondentes á renovación de certificados.

d) As actuacións realizadas polas empresas a que lle foron concedidas subvencións polas actuacións realizadas para o mesmo proxecto en anos anteriores.

Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

1. Para a concesión das axudas que terán a modalidade de subvención, destinarase o crédito das aplicacións orzamentarias que a seguir se mencionan:

| Aplicación | Denominación | Ano 2007 (euros) |
|---|---|---|
| 10.04.741.E.770.0 | Fomento da cooperación, promoción industrial, excelencia e calidade | 700.000 |
| 10.04.572.A.770.0 | Achegas ás empresas para o desenvolvemento da sociedade da información | 100.000 |
| TOTAL: | | 800.000 |

Este importe entenderase sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte de aplicación dos criterios do artigo 9º.

A aplicación 10.04.741.E.770.0 «Fomento da cooperación, promoción industrial, excelencia e calidade» está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e a aplicación 10.04.572.A.770.0 «Achegas ás empresas para o desenvolvemento da sociedade da información» está financiada con fondos do Ministerio de Industria Turismo e Comercio en virtude da addenda do 15 de decembro de 2006 ao Convenio Marco de Colaboración co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio do 16 de xuño de 2006 para o desenvolvemento do programa Peme Dixital no marco do Plan AVANZA para cuxos efectos se realizará a xeración de crédito correspondente.

2. As axudas poderán acadar con carácter xeral unha contía máxima do 50% do investimento subvencionable para cada proxecto coas seguintes limitacións:

a) No caso de consultoría e asistencia para a implantación de sistemas de xestión que se atopan no anexo A, as axudas non poderán superar os 4.000 € por referencial para implantar.

b) No caso de certificación por entidade acreditada dos referenciais que se atopan no anexo A, as axudas non poderán superar os 2.500 € por referencial para certificar.

c) No caso de consultoría e asistencia para a implantación e certificación de memorias de sustentabilidade no ámbito da responsabilidade social empresarial, as axudas non poderán superar un máximo de 14.000 € para cada proxecto.

d) No caso de consultoría e asistencia para a implantación e certificación de metodoloxías de desenvolvemento de sofware incluídos no anexo B, as axudas non poderán superar un máximo de 20.000 € para cada proxecto.

A distribución orzamentaria da aplicación 10.04.741.E.770.0 será do 60% para as actuacións establecidas na alínea a) do artigo 1º.3 das bases, do 25% para as actuacións da alínea b) e do 15% para as actuacións da alínea c), tendo en conta que, cando non se esgote o crédito estipulado para as actuacións subvencionables de cada alínea por carencia de proxectos adecuados ao obxecto, o remanente se poderá acumular ás contías das restantes epígrafes.

A distribución orzamentaria da aplicación 10.04.572.A.770.0 será do 100% para as actuacións establecidas na alínea d) do artigo 1º.3 das bases, tendo en conta que, cando non se esgote o crédito estipulado para as actuacións subvencionables desta alínea por carencia de proxectos adecuados ao obxecto, o remanente poderase aplicar a proxectos presentados por empresas relacionadas coa sociedade da información ao abeiro desta orde.

3. As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outras das reguladas por esta consellería para a mesma finalidade.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou pri-

vados, nacionais ou internacionais, supere o 50% do custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, as empresas privadas con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexan persoas físicas xa xurídicas, que reúnan a condición de pequena e mediana empresa (PEME).

Non se considerarán beneficiarias as empresas que operan nos sectores da pesca e da acuicultura, na produción primaria, transformación e comercialización dos produtos agrícolas e no sector do carbón segundo as condicións que se especifican no artigo 1 do regulamento comunitario 1998/2006, *de minimis*.

Para estes efectos, considerarase PEME a empresa que empregue menos de 250 traballadores, e cuxo volume de negocio anual non exceda 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non exceda 43 millóns de euros, así como que cumpra co criterio de independencia segundo os criterios definidos na recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003. Para o cómputo e límites sinalados no caso de empresas asociadas ou vinculadas, efectuarase tal e como dispoñen os números 2 e 3 do artigo 6º do anexo da antedita recomendación.

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria.

2. Xunto coas solicitudes deberá achegarse a seguinte documentación orixinal ou copia cotexada, tendo en conta que a documentación das alíneas a) e b) se redactará en galego no caso de asinar o anexo V, que se relaciona a seguir, por comprometerse a utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, así como en todos os elementos que deriven da materialización, exceptuando a certificación, das actuacións subvencionables.

a) Formularios normalizados de solicitude compostos polos anexos II, III, IV e, se é o caso, o anexo V, obtidos a través da aplicación informática sinalada no artigo 2º da convocatoria, debidamente asinados polo/s representante/s legal/is da empresa:

a.1. Anexo II (modelo normalizado da solicitude).

-Solicitude.

a.2 Anexo III (modelo de declaración xurada).

-Declaración expresa de que todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos na memoria técnica e demais documentos son certos e que a dita empresa pertence á categorías de PEME, de acordo cos criterios establecidos na recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOCE do 20 de maio de 2003), sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

-Declaración de que coñece e admite as condicións da convocatoria e cumpre cos requisitos establecidos nela e non está suxeita a ningunha das exclusións de tipo sectorial que se relacionan no artigo 3º das bases reguladoras.

-Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

-Declaración expresa de que os provedores non están vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.

-Declaración expresa de que se atopa dado de alta no IAE na actividade principal e no grupo ou epígrafe que corresponda.

-Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude de cantas axudas ou subvencións suxeitas ao réxime *de minimis*, así como calquera outra axuda para o mesmo proxecto e conceptos, procedentes de calquera administración ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

a.3 Anexo IV (datos da entidade consultora).

-Relación de traballos máis salientables realizados nos últimos tres anos, de natureza semellante para a actuación requirida da entidade consultora.

-Relación do cadro de persoal da entidade consultora.

-Persoa responsable para cada proxecto da entidade consultora.

a.4 Anexo V (modelo de compromiso coa utilización da lingua galega).

-No caso de comprometerse co uso e posterior utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, así como en todos os elementos que deriven da materialización das actuacións subvencionables exceptuando a certificación, presentarase o anexo V debidamente asinado pola persoa ou persoas que exerzan a representación legal da empresa.

b) Documentación técnica relativa ao proxecto (orixinal ou copia cotexada).

b.1) Informe da empresa solicitante en que se reflicte o obxecto social, data de constitución, número de empregados/as, certificacións de calidade que posúe e obxectivos perseguidos co proxecto.

b.2) Memoria explicativa de cada un dos proxectos por que se solicita a subvención, que incluirá, polo menos, a orixe da iniciativa, o proceso de identificación dos proxectos, as características do medio en que se pretende realizar os proxectos, a descrición pormenorizada do proxecto para desenvolver, o interese, a oportunidade e obxectivos deles, calendario de execución e orzamento desagregado e detallado ao máximo dos diferentes gastos necesarios para a correcta execución dos proxectos presentados. Consignaranse tamén todos os aspectos inherentes ao proxecto e que sexan obxecto de valoración competitiva conxunta, conforme o artigo 9º das bases reguladoras.

b.3) Orzamentos e ofertas desagregadas de cada un dos/as provedores/as que deberán cumprir co disposto no parágrafo seguinte. Estes orzamentos presentaranse na mesma orde que a utilizada na relación presentada na memoria. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas pola empresa solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto.

Segundo o artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros no suposto de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, a beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á presentación da solicitude de subvención, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención (circunstancia que se acreditará mediante factura co seu correspondente pagamento). A escolla entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse xunto coa memoria de solicitude, realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a escolla cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

As ofertas presentaranse coa solicitude.

b.4) Para as actuacións realizadas por unha consultora externa é necesaria a entrega de memoria descritiva da entidade consultora e unha relación das tarifas de aplicación da mesma.

c) Documentación xurídico-administrativa da empresa solicitante (orixinal ou copia cotexada) que deberá estar en vigor:

c.1) Escritura pública de constitución e estatutos, modificacións posteriores, se é o caso, e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente.

c.2) CIF da entidade solicitante ou NIF, no caso de tratarse dun/dunha empresario/a individual

c.3) Documento público acreditativo do poder suficiente da persoa física que actúe en nome e representación da empresa solicitante.

c.4) Fotocopia do documento de identidade/NIF da persoa ou persoas (en caso de poder mancomunado) que exerzan a representación.

c.5) Certificación da Axencia Tributaria en que se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dada de alta a empresa solicitante.

Artigo 5º.-Consentimentos e autorizacións.

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 43 da Lei 14/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Igualmente, de conformidade co mesmo artigo, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa está no poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Para estes efectos, a documentación debe manterse vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para que foi presentada.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas precisións previstas nas leis.

Artigo 6º.-Órganos competentes.

A Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, correspondendo ao conselleiro de Innovación e Industria ditar a resolución de concesión.

Artigo 7º.-Instrución dos procedementos.

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 5º.1 resulta que o solicitante non se atopa ao día do pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán ao dispor do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 8º.-Comisión de valoración.

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidenta: A directora xeral de Promoción Industrial e de da Sociedade da Información.

b) Dous vogais: A subdirectora de Promoción Industrial e de Comercio Exterior e a xefa de Servizo de Xestión e Cooperación Empresarial.

c) Secretario/a: un/ha funcionario/a da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

3. Os/as suplentes serán designados/as pola Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

4. A comisión poderá estar asistida por expertos externos.

5. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicarase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

6. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidos ben co crédito que quedase libre, de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

7. A comisión de valoración pode considerar como non viables técnica, económica ou financeiramente os proxectos ou actuacións presentadas, polo que non serán subvencionables. Asimesmo, poderá limitar a súa porcentaxe en relación ao investimento subvencionable total do proxecto daqueles conceptos que se consideren menos críticos para o normal desenvolvemento da actuación obxecto de axuda ou elementos que se consideren reiterativos doutros acometidos e subvencionados en exercicios anteriores.

Artigo 9º.-Criterios de valoración.

Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

1. Prazo de execución (0 a 50).

2. Experiencia e capacidade dos colaboradores externos (0 a 30).

3. Posible repercusión en actuacións futuras. (0 a 15).

4. Compromiso de utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica, así como en todos os elementos que deriven da materialización das actuacións subvencionables, exceptuando a certificación, de acordo co establecido no artigo 6.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Este compromiso acreditarase mediante a presentación, debidamente asinada, do modelo que se inclúe como anexo V. (0 a 5).

Artigo 10º.-Audiencia.

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o número anterior cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 11º.-Resolución e notificación.

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade para desenvolver polo beneficiario, ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será 6 meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Innovación e Industria. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas de desestimación.

Artigo 12º.-Réxime de recursos.

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-Modificación da resolución.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Cando por circunstancias técnicas se varíe o contido específico dos investimentos, os provedores cando a contía sexa superior a 12.000 € ou as actuacións recollidas no proxecto inicial, o órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do/a beneficiario/a, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade desta orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros/as.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

3. A empresa beneficiaria deberá solicitar a dita modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Innovación e Industria, acompañada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no número anterior, antes do 14 de setembro de 2007 e sempre antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade. De non facelo implicará a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que a mesma implique unha variación substancial do proxecto aprobado pola Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, a perda total da subvención concedida.

4. A conformidade expresa da Consellería de Innovación e Industria ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Innovación e Industria logo da instrución do correspondente expediente, no cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 10.

Artigo 14º.-Aceptación e renuncia.

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo VI, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 15º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas das entidades beneficiarias:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización do investimento ou actividade, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión ou desfrute da subvención.

c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que se atopa ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. No caso que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instrutor, consonte a Lei 14/2006, do 28 de decembro, dese como resultado que o/a solicitante ou o/a beneficiario/a teñan débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requiririase ao/a solicitante ou beneficiario/a que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

d) A obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control e, se é o caso, as dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

e) Comunicar á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao/a beneficiario/a en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) A obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

i) A entidade beneficiaria comprométese a dar publicidade do cofinanciamento por parte da Consellería de Innovación e Industria-Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información en todas as actuacións que se realicen con cargo a esta subvención, do cofinanciamento por parte do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) ou, se é o caso, do cofinanciamento con fondos do MITEC a través do programa Peme Dixital no marco do Plan AVANZA Para dar cumprimento á publicidade do cofinanciamento seguiranse as instrucións que se recollen no enderezo da internet www.conselleriaiei.org/ga/web/index.php.

Artigo 16º.-Subcontratación.

A subcontratación de actividades realizarase de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, podendo acadar o custo total da actividade proposta e acreditando o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 68 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que aproba o regulamento da Lei 38/2003, sobre subcontratación das actividades subvencionadas.

Os beneficiarios asumen expresamente o contido e os límites do artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información poderá comprobar o custo e o valor de mercado das actividades que son obxecto de subcontratación.

Artigo 17º.-Xustificación da subvención.

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada) nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria, no prazo de 40 días naturais a partir da certificación dos referenciais e sempre como máximo ata o 30 de outubro de 2007, tendo en conta que a documentación se redactará en galego no caso de asinar e presentar o anexo V na solicitude segundo o artigo 4º das bases.

a) Solicitude de libramento da subvención (modelo dispoñible no enderezo da internet www.conselleriaiei.org/ga/web/index.php).

b) Memoria en que se constate a realización da actividade realizada.

Para aqueles casos en que a actuación sexa a implantación e posterior certificación de sistemas de xestión por entidade acreditada, bastará coa presentación do correspondente certificado emitido pola entidade de certificación

No caso de actuacións de ámbito da responsabilidade social empresarial, xustificarase a execución da actuación, mediante a presentación da memoria anual de sustentabilidade que integre a información económica, social e ambiental seguindo como referencia o marco establecido na guía GRI (Global Reporting Iniciative), ou mediante memoria explicativa das actuacións levadas a cabo e o grao de consecución dos obxectivos propostos. No caso de modelos de excelencia empresarial xustificarase coa presentación dun informe en que se reflictan os puntos fortes e áreas de mellora extraídas da valoración.

c) Copia en formato electrónico dos contidos da actuación realizada.

d) Xustificante dos gastos: facturas dos/as provedores/as en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto.

e) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a e o/a emisor/a do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

f) Declaración de axudas obtidas e solicitadas para o mesmo investimento para os cales se concedeu esta subvención en calquera outra administración, organismos ou entes públicos ou privados (modelo dispoñible no enderezo da internet sinalado na alínea a) deste artigo), de ser o caso declaración de axudas *de minimis* obtidas e solicitadas. No caso de ser beneficiario dalgunha das axudas referidas, deberá achegarse a documentación necesaria para a súa valoración para os efectos da súa concorrencia coa axuda outorgada pola Consellería de Innovación e Industria.

g) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento en que conste a razón social e o CIF da entidade subvencionada, así como o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

h) Documentación que acredite a publicidade do cofinanciamento da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) ou, se é o caso, do programa Peme Dixital no marco do Plan Avanza, segundo o sinalado no artigo 15º das bases reguladoras.

i) Calquera outro documento que se requiran durante a tramitación do expediente para a verificación do proxecto.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación xustificativa entenderase que renuncia á subvención. Neste caso, o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18º.-Pagamento.

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de procederen ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. A percepción da axuda terá lugar unha vez que os servizos técnicos da Consellería de Innovación e Industria verifiquen a documentación xustificativa e, se é o caso, a materialización do cumprimento

da realización do proxecto subvencionado e dos requisitos e condicións establecidos para a súa concesión.

3. Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

Artigo 19º.-Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no artigo 78.10º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 20º.-Control.

1. A Consellería de Innovación e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, a dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 21º.-Publicidade.

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 €, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, podendo substituírse esta pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Innovación e Industria.

*Disposición adicional*

Única.-Remisión normativa.

Para todo o non previsto nestas bases, observarase ao previsto no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e no resto de normativa que resulte de aplicación, na normativa sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional -Feder- (Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006; Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006; o Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006): no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, e no resto de normativa que resulte de aplicación.

## *ANEXO A*

### Referenciais subvencionables

| Especificación | Descrición |
|---|---|
| UNE-EN ISO 9001:2000 | Sistemas de xestión da calidade. Requisitos |
| UNE-EN ISO 14001:2004 | Sistemas de xestión ambiental. Especificacións e directrices para a súa utilización |
| EMAS | Regulamento (CE) nº 761/2001 do Parlamento Europeo e do Consello do 19 de marzo de 2001. Sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS) |
| OSHAS 18001:1999 | Xestión de riscos laborais |
| UNE 166001:2006 | Xestión da I+D+I: Requisitos dun proxecto de I+D+I |
| UNE 166002:2006 | Xestión da I+D+I: Requisitos do sistema de xestión da I+D+I |
| SA 8000 | Responsabilidade social |
| SGE 21 | Sistema de xestión ética e responsable |
| UNE 150301:2003 | Xestión ambiental do proceso de deseño e desenvolvemento - Ecodeseño |
| UNE-ISO/TS 16949:2002 | Requisitos particulares para a aplicación da Norma ISO 9001:2000 para a produción en serie de pezas de recambio na industria do automóbil |
| UNE-EN 9100:2003 | Material aeroespacial. Sistemas de xestión da calidade. Requisitos (baseados na ISO 9001:2000) e sistemas da calidade. Modelo para o aseguramento da calidade no deseño, desenvolvemento, produción, instalación e servizo (baseados na ISO 9001:1994) |
| UNE 162002-1/2:2001 | Xestión forestal sustentable. Criterios e indicadores da unidade de xestión |
| Certificación cadea de custodia | Certificación para comprobar que unha materia prima madeireira certificada polo PEFC procede de bosques certificados polo PEFC |
| ISO / IEC 27001: 2005 | Sistemas de xestión da seguranza da información |
| UNE-EN-ISO 22000:2005 | Sistemas de xestión da seguranza alimentaria. Requisitos |
| IFS (International Food Estándar) | Estándar para auditar provedores de produtos alimenticios con marca de distribuidor |
| BRC (British Retail Consortium) Global Standard-Food | Estándar técnico para compañías de produtos alimenticios coa marca do retallista |
| UNE 175001 | Calidade de servicio para pequeno comercio |
| UNE 182001: 2005 | Hoteis e apartamentos turísticos. Requisitos para a prestación do servizo. |

## *ANEXO B*

### Referenciais subvencionables

| Especificación | Descrición |
|---|---|
| CMMi ou ISO-15504 (SPICE) | Metodoloxías de desenvolvemento de software |

**XUNTA DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

**UNION EUROPEA**
**Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional**

*ANEXO II (Folla 1)*
*(modelo normalizado de solicitude)*

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DEL PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| *Subvencións a Pemes para o impulso de actuacións en materia de xestión empresarial e de apoio as accións de implantación e certificación de modelos de xestión das empresas galegas* | *IN514A* | *SOLICITUDE* |

DATOS DO SOLICITANTE

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA | | | | ACRÓNIMO |
| ENDEREZO | | | | CIF/NIF |
| CÓDIGO POSTAL | CONCELLO | | PROVINCIA | Nº DE REXISTRO INDUSTRIAL |
| TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | FAX | CORREO ELECTRÓNICO | |
| SECTOR INDUSTRIAL | | ACTIVIDADE PRINCIPAL | | |
| ANO DE CONSTITUCIÓN | PERSOAL INDEFINIDO | PERSOAL EVENTUAL | CNAE | |

REPRESENTACIÓN LEGAL

| | | | |
|---|---|---|---|
| APELIDO 1 | APELIDO 2 | NOME | DNI |
| Para o caso de representación mancomunada, datos do 2º representante | | | |
| APELIDO 1 | APELIDO 2 | NOME | DNI |

DATOS DO ÚLTIMO EXERCICIO ECONÓMICO (ANO 2006)

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| CAPITAL SOCIAL | FONDOS PROPIOS | ACTIVO TOTAL | CASH-FLOW | FACTURACIÓN |

DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA

| | | |
|---|---|---|
| TIPO DE ACTUACIÓN | TÍTULO DO PROXECTO | |
| INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VAI REALIZAR | PORCENTAXE SOLICITADA (máx. 50 %) | SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA |
| ENDEREZO | | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO |

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA O SOLICITANTE OU IDENTIFICA EN PODER DA CONSELLERÍA

| | |
|---|---|
| FORMULARIOS DA SOLICITUDE COMPOSTOS POR ANEXO II (2 FOLLAS ), ANEXO III (2 FOLLAS ), ANEXO IV (2 FOLLAS) E NO SEU CASO O ANEXO V (SEGUNDO ARTIGO 4.2 BASES REGULADORAS ALÍNEA a) | |
| INFORME DA ENTIDADE SOLICITANTE (SEGUNDO O ARTIGO 4.2 DAS BASES REGULADORAS ALÍNEA b.1) | |
| MEMORIA EXPLICATIVA DE CADA UNHA DAS ACTIVIDADES, DESCRICIÓN, OBXECTIVOS E CALENDARIO DE EXECUCIÓN (SEGUNDO ARTIGO 4.2 BASES REGULADORAS ALÍNEA b.2) | |
| ORZAMENTOS E OFERTAS DESAGREGADAS DE CADA PROVEDOR (SEGUNDO ARTIGO 4.2 BASES REGULADORAS ALÍNEA b.3) | |
| DOCUMENTACIÓN DA ENTIDADE CONSULTORA (SEGUNDO ARTIGO 4.2 BASES REGULADORAS ALÍNEA b.4) | |
| ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN E ESTATUTOS (SEGUNDO ARTIGO 4.2.c.1) | |
| COPIA DO CIF (SEGUNDO ARTIGO 4.2.c.2) | |
| DOCUMENTO DO PODER CON QUE ACTÚA(N) O(S) SOLICITANTE(S) (SEGUNDO O ARTIGO 4.2 ALÍNEA c.3) | |
| FOTOCOPIA(S) DO(S) DNI DA PERSOA OU PERSOAS QUE OSTENTEN A REPRESENTACIÓN (SEGUNDO ARTIGO 4.2 ALÍNEA c.4) | |

| | | |
|---|---|---|
| LEXISLACIÓN APLICABLE<br>*Orde do 13 de abril de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para o impulso de actuacións en materia de xestión empresarial e de apoio ás accións de implantación e certificación de modelos de xestión das empresas galegas e se procede á súa convocatoria (IN514A).* | (A cubrir pola Administración)<br>RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE<br>DATA DE ENTRADA<br>/ / |
| SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA(S) QUE O O REPRESENTE(N), E SELO DA ENTIDADE<br>En . de de | REVISADO E CONFORME | DATA DE EFECTOS<br>/ /<br>DATA DE SAÍDA<br>/ / |

*Conselleiro de Innovación e Industria da Xunta de Galicia*

**XUNTA DE GALICIA**
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

**UNION EUROPEA**
**Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional**

*ANEXO II (Folla 2)*
*(modelo normalizado de solicitude)*

**BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO**

**ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

| Actuacións (segundo o artigo 1.3º das bases reguladoras) a /b/c/d | Descrición de cada unha das actuacións | Entidade consultora ou certificadora | Período de execución (mes inicio e mes finalización) | Importe (€) sen IVE. |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| INVESTIMENTOS (€) 2007 | | | | TOTAL: |

***A presentación da solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como ás sancións impostas, nos rexistros de axudas, subvención e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.***

Válido só para efectos informativos
Válido só para efectos informativos

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información

UNION EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

*ANEXO III (FOLLA 1)*
*(modelo de declaración da entidade)*

DECLARACIÓN EXPRESA DA EMPRESA SOLICITANTE

D/Dª con DNI nº:

D/Dª con DNI nº:

En representación da empresa

**DECLARA EXPRESAMENTE:**

1) QUE todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos, na memoria técnica e demais documentación SON CERTOS E QUE A DITA EMPRESA PERTENCE Á CATEGORÍA DE PEME, de acordo aos criterios establecidos na Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOCE do 20 de maio de 2003), sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

2) QUE COÑECE E ADMITE AS CONDICIÓNS da convocatoria e cumpre os requisitos establecidos nela e e non está suxeita a ningunha das exclusións segundo artigo 3º das bases reguladoras.

3) QUE NON SE ATOPA incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos números 2 e 3 do artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4) QUE OS PROVEDORES NON ESTÁN VINCULADOS á entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.

5) QUE SE ENCONTRA DADO DE ALTA no imposto de actividades económicas na **actividade principal** e no grupo ou epígrafe do IAE seguintes:

| ACTIVIDADE PRINCIPAL | GRUPO OU EPÍGRAFE DO IAE |
|---|---|

En , de de
(sinatura)

(*) Todos os datos deben corresponder ao derradeiro exercicio contable pechado e calcularanse con carácter anual. O total de volume de negocios calcularase sen o imposto sobre o valor engadido (IVE) nin tributos indirectos. En empresas da nova creación que non pecharan ainda as súas contas, utilizaranse datos baseados en estimacións fiables realizadas durante o exercicio financeiro.

DEFINICIÓN DE PEME SEGUNDO A RECOMENDACIÓN DA COMISIÓN EUROPEA DO 6 DE MAIO DE 2003
No número 1 do artigo 2 da dita recomendación di: "A categoría de microempresas, pequenas e medianas empresas (PEME) está constituída por empresas que ocupan menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual no exceda 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non exceda 43 millóns de euros".

No caso de empresas "NON AUTÓNOMAS", é dicir, que estean participadas por outras organizacións, deberase acudir ao artigo 3 da dita recomendación, para o cálculo dos efectivos e os importes financeiros, para os efectos de determinar se pertence ou non á categoría de PEME.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

UNION EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

*ANEXO III (Folla 2)*
*(modelo de declaración da entidade)*

DECLARACIÓN EXPRESA DA EMPRESA SOLICITANTE

D/Dª con DNI nº:

D/Dª con DNI nº:

En representación da empresa

**DECLARA EXPRESAMENTE:**

6) QUE SOLICITOU E/OU TEN CONCEDIDAS para o mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, as axudas que se relacionan seguidamente:

**AXUDAS CONCEDIDAS**

| *Organismo* | *Ano* | *Importe (€)* | *Tipo* | *Disposición reguladora* |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

**AXUDAS SOLICITADAS**

| *Organismo* | *Ano* | *Importe (€)* | *Tipo* | *Disposición reguladora* |
|---|---|---|---|---|
| Consellería de Innovación e Industria | 2007 | | Subv. | Orde do 13 de abril de 2007 |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

**ADEMAIS DECLARA EXPRESAMENTE**

QUE A CITADA ENTIDADE, NO EXERCICIO FISCAL EN CURSO E NOS DOUS EXERCICIOS FISCAIS ANTERIORES Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN, AO ABRIGO DESTA CONVOCATORIA (RISQUE CUN "X" O QUE PROCEDA):

☐ Non obtivo ningunha subvención ou axuda pública suxeita ao réxime de "mínimis".

☐ Si obtivo ou solicitou outras subvencións e/ou axudas públicas suxeitas ao réxime de "mínimis" que son as que de seguido se relacionan.

| *Entidade* | *Data de solicitude* | *Data de aprobación* | *Importe recibido* |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Así mesmo, comprométese a comunicar cantas axudas de mínimis ou outras axudas solicite ou obteña para a mesma actuación das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, segundo o artigo 15.4 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

En , de de
(sinatura)

Válido só para efectos informativos
Válido só para efectos informativos

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

UNION EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

*ANEXO IV* **(Folla 1)**

**(Datos da entidade consultora)**

**RAZÓN SOCIAL:**

**DOMICILIO FISCAL:**

**Enderezo:.....Poboación:.....Provincia:.....CP:.....**

**Tel:.....fax:.....enderezo electrónico:.....Persoa contacto:.....**

**Relación de traballos máis salientables realizados nos últimos tres anos, de natureza semmellante para a actuación requirida.**

| Denominación | Entidade Beneficiaria | Sector | Importe do traballo (€) | Data inicio | Data final |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

(Cuberto e asinado debidamente pola consultora)

Os datos que se relacionen neste anexo formarán parte do rexistro de entidades consultoras en materia de calidade e RSE da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e os datos xenéricos da consultora poderanse atopar na páxina web do Observatorio de Calidade

Valido só para efectos informativos

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

UNION EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

*ANEXO IV* **(Folla 2)**

**(Datos da entidade consultora)**

**RAZÓN SOCIAL:**

**DOMICILIO FISCAL:**

**Enderezo:.....Poboación:.....Provincia:.....CP:.....**

**Tel:.....fax:.....enderezo electrónico:.....Persoa contacto:.....**

**Relación do persoal en plantilla**

| Nome e apelidos | Titulacións académicas | Tipo de contrato coa empresa consultora | Experiencia profesional |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

**Persoa responsable para cada proxecto**

| Nome e apelidos | Proxecto | Experiencia profesional da mesma natureza do proxecto nos últimos tres anos |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

(Cuberto e asinado debidamente pola consultora)

Os datos que se relacionen neste anexo formarán parte do rexistro de entidades consultoras en materia de calidade e RSE da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e os datos xenéricos da consultora poderanse atopar na páxina web do Observatorio de Calidade

Valido só para efectos informativos

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

UNION EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

*ANEXO V*

**(Modelo de compromiso coa utilización da lingua galega)**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE USO E POSTERIOR UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

D/Dª_____con DNI nº_____ en calidade de_____.

Comparece en representación da entidade de _____ con CIF_____

**DECLARA**

Que para a actuación obxecto de solicitude de subvención consistente en _____, comprométese a utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa administración autonómica así como en todos os elementos que deriven da materialización das actuacións subvencionables, exceptuando a certificación, de acordo co establecido no artigo 6.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso.

..... , .....de..... de .....

Asdo.: .....

O.....

(sinatura)

(Asinar en caso de comprometerse a utilizar a lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa administración autonómica así como en todos os elementos que deriven da materialización das actuacións subvencionables, exceptuando a certificación)

Válido só para efectos informativos

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

UNION EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

**Anexo VI**
**(Modelo de renuncia)**

D/Dª_____, co DNI nº_____, actuando en representación da empresa _____, que ten o seu enderezo en _____

MANIFESTA:

Que o día _____ (incluirase o texto "publicouse no *Diario Oficial de Galicia*" no caso de que as concesións se vaian publicar nese diario ou "recibiu a notificación" no caso de que as notificacións daquelas se vaian facer individualmente) a concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do 13 de abril de 2007, pola que establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a pequenas e medianas empresas galegas para o impulso de actuacións en materia de xestión empresarial e de apoio ás accións de implantación e certificación de modelos de xestión das empresas galegas, e se procede á súa convocatoria, con código de procedemento IN514A, para que o proxecto _____, por unha contía de _____euros.

DECLARA:

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

..... , .....de..... de .....

Asdo.: .....

O.....

(sinatura)

Válido só para efectos informativos